



Universidade de Vigo

RESOLUCIÓN DO 28 de XULLO DE 2011 POLA QUE SE RESOLVE PUBLICAR A CONVOCATORIA DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO PARA AS TESES LIDAS No CURSO ACADÉMICO 2010-2011

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201100016734
28/07/11 13:53:57

En cumprimento do establecido no artigo 21 do Regulamento de estudos oficiais de posgrao (<http://webs.uvigo.es/vitce>), esta Reitoría resolve realizar a convocatoria de Premios extraordinarios de doutoramento para as teses lidas nesta Universidade no curso académico 2010-2011, abrangendo o curso 2010-2011 o período entre o 1 de setembro de 2010 ata o 31 de xullo de 2011.

O número de premios e a súa distribución por ámbitos será publicado mediante resolución reitoral antes do 15 de setembro de 2011, unha vez se coñeza o número final de teses lidas. Otorgarase un premio por cada 5 teses ou fracción agrupadas en catro ámbitos: Ciencias, Arte e Humanidades, Enxeñaría e Arquitectura e Xurídico-Social. No caso de programas de doutoramento regulados conforme aos RD 1393/2007 ou RD 56/2005 o ámbito asignado ao programa será o empregado pola axencia de avaliación na súa verificación. No caso de programas regulados segundo o RD 778/1998, o ámbito coincidirá coas áreas nas que se agrupan os departamentos da Universidade de Vigo, de tal xeito que o ámbito Científico se corresponde con "Ciencias", o ámbito Humanístico con "Arte e Humanidades", o ámbito "Tecnolóxico" con "Enxeñaría e Arquitectura", quedando con igual nome o ámbito "Xurídico-Social".

Requisitos dos solicitantes

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Ter defendido a súa tese de doutoramento na Universidade de Vigo no período entre o 1 de setembro de 2010 e o 31 de xullo de 2011.
2. Que a tese de doutoramento acadase a mención "Sobresaliente *cum Laude*".
3. Ter presentado a seguinte documentación no Negociado de Terceiro Ciclo (debidamente clasificada en carpeta tipo A-Z de anelas):
 - a) Impreso normalizado TC-28, que pode encontrarse na seguinte dirección: <http://webs.uvigo.es/vitce> (sección Terceiro Ciclo/Premios Extraordinarios)
 - b) Informe do/a director/a
 - c) Informe sobre a repercusión da tese no ámbito de coñecemento.
 - d) Listaxe de méritos alegados relacionados coa tese e documentación acreditativa dos mesmos.
 - e) Curriculum vitae académico-profesional do solicitante no formato normalizado que pode encontrarse na seguinte dirección: <http://webs.uvigo.es/vitce> (sección Terceiro Ciclo/Premios Extraordinarios).
 - f) Copia da tese (admitírase copia impresa ou CD contendo a tese en formato PDF)

Selección e avaliación

Tal como establece o Artigo 21 do Regulamento de Estudos Oficiais de Posgrao, a Comisión de Estudos de Posgrao nomeará os tribunais dos diferentes ámbitos e sinalará o procedemento de actuación dos mesmos.

A Comisión de Estudos de Posgrao na súa reunión do día 22 de xullo de 2011 acordou as regras xerais de actuación dos tribunais encargados de elaborar a proposta de concesión dos Premios

extraordinarios de doutoramento. O devandito acordo publícase no Anexo I e seguintes desta Resolución Reitoral.

O Departamento ou Comisión académica responsable do programa de doutoramento poderá propoñer posibles membros dos tribunais para o ámbito que lles corresponda utilizando para tal fin o impreso normalizado TC-29. Na devandita proposta non poderán figurar os/as directores/as nin os/as titores/as dos aspirantes aos premios.

Tras recibir as propostas, a Comisión de Estudos de Posgrao nomeará os tribunais dos diferentes ámbitos.

Calendario

Acción	Responsable/s	Datas
Publicación no web da listaxe de candidatos/as posibles por ámbito	Negociado de Terceiro ciclo	Antes do 15/09/2011
Presentación de solicitudes no Negociado de Terceiro Ciclo	Candidatos e candidatas aos premios	16 ao 30/09/2011
Envío ao Negociado de Terceiro ciclo de propostas de membros dos tribunais	Departamentos ou comisións académicas responsables dos programas de doutoramento	Ata o 25/09/2011
Nomeamento dos tribunais	Comisión de Estudos de Posgrao	Antes do 14/10/2011
Actuación de Tribunais		17/10/2011-18/11/2011
Publicación dos informes provisionais de avaliación por parte dos tribunais	Secretario/a do tribunal e Negociado de Terceiro ciclo	Antes do 18/11/2011
Presentación de reclamacións aos informes provisionais de avaliación no Negociado de Terceiro ciclo	Candidatos e candidatas aos premios	Quince días naturais a partir da data de publicación dos informes provisionais
Actuacións dos Tribunais para resolución de reclamacións		Ata 23/12/2011
Publicación no web das propostas definitivas de concesión de premios	Secretario/a do tribunal e Negociado de Terceiro ciclo	Antes do 27/12/2011

Vigo, 28 de xullo de 2011

O REITOR

Por R.R. 24/06/2010

A VICERREITORA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA,
PROFESORADO E TITULACIÓNS,



Margarita Estévez Toranzo

ARTIGO 21 DO REGULAMENTO DE ESTUDOS OFICIAIS DE POSGRAO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Aprobado polo Consello de Goberno o 14 de Marzo de 2007 e modificado no Consello de Goberno de 16 de abril de 2010

Artigo 21.- Premio extraordinario de doutoramento

As teses de doutoramento defendidas e mantidas na Universidade de Vigo, poderán ser obxecto de mención especial de Premio extraordinario de doutoramento.

1. Poderase entregar un premio extraordinario de doutoramento por curso académico e por cada cinco teses ou fracción en cada ámbito de coñecemento. *As datas exactas que delimiten cada curso académico publicaranse na resolución da correspondente convocatoria de premios extraordinarios de doutoramento.*
2. Para poder convocar un Premio Extraordinario de Doutoramento en cada ámbito de coñecemento terán que ser lidas como mínimo tres teses nese curso académico. Este prazo ampliarase no caso de non acadarse o devandito mínimo; en todo caso, non poderán transcorrer máis de tres anos sen que se convoquen premios extraordinarios nun ámbito de coñecemento no que se lese algunha tese de doutoramento.
3. Requisitos para a obtención de premios extraordinarios: os que obtivesen o título de doutor/a e aspiren á mención de Premio extraordinario, deberán reunir os seguintes requisitos:
 - a) Ter defendido a súa tese de doutoramento na Universidade de Vigo.
 - b) Que a tese de doutoramento acadase a mención "Sobresaliente cum Laude".
4. Os solicitantes deberán presentar na vicerreitoría competente na materia a seguinte documentación:
 - a) Certificación académica no caso de que non estea en posesión da Universidade de Vigo.
 - b) Informe do/a director/a
 - c) Repercusión no campo de coñecemento correspondente
 - d) Curriculum vitae académico-profesional do solicitante
 - e) Un exemplar da tese de doutoramento que pode estar en formato electrónico.
5. Nomeamento e composición dos tribunais:
 - a) Os tribunais encargados de elaborar a proposta de concesión de Premio extraordinario de doutoramento serán nomeados polo/a reitor/a, por proposta da Comisión de Estudos de Posgrao
 - b) A Comisión de Estudos de Posgrao solicitaralles aos departamentos de cada ámbito de coñecemento, unha proposta dos membros do tribunal necesariamente doutores/as e pertencentes ao departamento.
 - c) A Comisión de Estudos de Posgrao tramitará a proposta final de cinco membros garantindo a participación máis equilibrada posible de todos os departamentos implicados. Este tribunal estará formado por cinco membros titulares e dous suplentes.
 - d) En ningún caso poderán formar parte destes tribunais o/a director/a e o/a titor/a das teses de doutoramento que opten ao Premio.
6. Actuación dos tribunais: a actuación dos tribunais nomeados para tramitar a proposta de Premio extraordinario someterase ás regras establecidas, con carácter xeral, pola Comisión de Estudos de Posgrao, sen que en ningún caso poida acordarse someter os/as aspirantes ao mencionado premio á realización de exercicios ou probas especiais.
7. Concesión dos premios extraordinarios de doutoramento:
 - a) Os tribunais nomeados para tramitar as propostas de premios extraordinarios, remitiranllas ao/á presidente/a da Comisión de Estudos de Posgrao, que llas remitirá ao/á reitor/a da universidade.

b) A concesión de premios extraordinarios será sometida polo/a reitor/a á aprobación do Consello de Goberno da Universidade.

8. Efectos do Premio extraordinario:

a) A concesión do Premio extraordinario de doutoramento levará consigo os beneficios de gratuidade no pagamento das taxas para a expedición do título de doutor/a, segundo o disposto para estes casos na lexislación estatal.

b) A mención do Premio extraordinario de doutoramento farase constar no título de doutor/a, de acordo coas normas que dite o Ministerio de Educación e Ciencia. Sen prexuízo do anterior, a Universidade de Vigo poderá dispoñer o recoñecemento documental da mención de Premio extraordinario de doutoramento na forma oportunamente determinada.

ANEXO I

ACORDO DA COMISIÓN DE ESTUDOS DE POSGRAO SOBRE AS REGRAS DE ACTUACIÓN DOS TRIBUNAIS ENCARGADOS DE ELABORAR A PROPOSTA DE CONCESIÓN DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO PARA AS TESES LIDAS NO CURSO 2010-2011

Reunida a Comisión de Estudos de Posgrao da Universidade de Vigo en data 22 de xullo de 2011 acordou:

A) Establecer as datas dos cursos académicos como segue:

Curso 2010-11: 1 de setembro de 2010 a 31 de xullo de 2011

B) Para cada ámbito nomearase un único tribunal que actuará para avaliar as teses defendidas nese ámbito.

C) Establecer as seguintes regras de actuación para os tribunais encargados de elaborar a proposta de concesión de Premios Extraordinarios de Doutoramento:

1. Poderán optar aos premios extraordinarios de doutoramento todas aquelas teses cuxa nota media das valoracións confidenciais emitidas polos membros do seu tribunal de tese sexa igual o superior a 8.
2. Deben valorarse todos aqueles méritos relacionados coa tese que se produciran desde o comezo da formación de doutoramento dos candidatos (non exclusivamente os que sexan posteriores á defensa da tese) recollidos no Anexo II.
3. O proceso de avaliación dos candidatos realizarase segundo o procedemento:
 - a. Constitución do Tribunal nomeado pola Comisión de Estudos de Posgrao, asinando a acta correspondente no formato normalizado do Anexo III.
Cada tribunal poderá constituírse e funcionar con polo menos tres membros. En calquera caso, só poderán actuar os membros que o constituísen.
 - b. Publicación do baremo a aplicar para avaliar os méritos recollidos no Anexo II nunha acta asinada por todos os membros do Tribunal no formato normalizado do Anexo IV. No caso de que os tribunais acorden aplicar subcriterios, éstos deberán figurar e publicarse no devandito Anexo IV.
 - c. Avaliación das teses a partires da documentación presentada polos candidatos, e elaboración dun informe que reflecta os resultados segundo o formato do Anexo V.
 - d. O informe provisional de avaliación será publicado no web. Con posterioridade, abrirase un prazo máximo de quince días naturais, para que os solicitantes presenten as alegacións ao informe provisional, de as houber. Na fase de alegacións non se pode incluír información adicional á presentada na solicitude admitida a trámite.
 - e. Unha vez rematada a fase de alegacións, o tribunal elaborará á acta coa proposta de concesión dos premios extraordinarios de doutoramento no formato do Anexo VI e remisión ao/á President/ea da Comisión de Estudos de Posgrao.

O Negociado de Terceiro Ciclo proporcionará aos tribunais a documentación entregada polos candidatos, así como as cualificacións medias dos informes confidenciais de valoración emitidos polos membros dos correspondentes tribunais xulgadores das teses presentadas ó premio .

Vigo, 22 de xullo de 2011

A Presidenta da Comisión de Estudos de Posgrao



Margarita Estévez Toranzo

ANEXO II
BAREMO DE VALORACIÓN DE MÉRITOS DO CANDIDATO QUE OPTA A PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO.

APARTADO	MÉRITOS DO CANDIDATO	Puntuación/Unidade	Puntuación Máxima do Apartado
1	Valoración da tese		10-25
	Tipo A (A1, A2, A3, A4: aquelas revistas contidas no 1º, 2º, 3º e 4º cuartil do índice de citas). As revistas que aparezan no 1º cuartil das bases de datos IN-RECS ou IN-RECJ serán consideradas como tipo A4.	Nature, Science: 36 puntos A1: 30 puntos, A2: 24 puntos, A3: 18 puntos, A4: 12 puntos Reseña ou nota breve: Un tercio dos puntos que lle correspondería ó artigo extenso Censor: 1 punto Editor: 2 puntos	
	Artigos en revistas ^{2,3}	5 puntos Reseña ou nota breve: 2 puntos Censor: 0,5 puntos Editor: 1 punto	
	Tipo B	3 puntos	
	Tipo C	Reseña ou nota breve: 0,5 puntos	
	Tipo D	1 punto	
		Reseña ou nota breve: 0,25 puntos	
		Publicación de ámbito internacional: Ata 24 puntos Publicación de ámbito estatal: Ata 16 puntos	
	Libro completo	Publicación de ámbito galego ou local: Ata 6 puntos	
		Libros de investigación do Servizo de Publicacións: Ata 6 puntos	
	Libros ⁴	Publicación de ámbito internacional: Ata 8 puntos Publicación de ámbito estatal: Ata 6 puntos	
	Editor ou coordinador	Publicación de ámbito galego ou local: Ata 2 puntos	
	Capítulo de libro	Libros de investigación do Servizo de Publicacións: Ata 2 puntos	
	Exposicións o comisarios de exposicións	Publicación de ámbito internacional: Ata 8 puntos Publicación de ámbito estatal: Ata 4 puntos Publicación de ámbito galego ou local: Ata 1,5 puntos Ata 10 puntos	
2	MÉRITOS DE INVESTIGACIÓN	Creación de Empresas de Base Tecnolóxica ligados a programas nos que estea implicada a institución universitaria: 20 puntos Patentes con extensión europea en polo menos 3 países: 15 puntos Patentes rexistradas en España en explotación: 10 puntos Patentes rexistradas: 5 puntos Prototipo rexistrado como modelo de utilidade: 3 puntos	50-65

		Internacionais con Comité Científico e Comité Organizador organizados por 3 ou máis estados e avaliados por unha asociación ou organización recoñecida.	Comunicación extensa ou proceeding (non resumos): 3 puntos Comunicación breve (resumos ou abstract): 1,5 puntos
	Comunicacións a congresos, seminarios, simposios, etc.	Internacionais con Comité Científico e Comité Organizador.	Comunicación extensa ou proceeding (non resumos): 2 puntos Comunicación breve (resumos ou abstract): 1 punto
		Estatais con Comité Científico e Comité Organizador avaliados por unha asociación ou organización recoñecida.	Comunicación extensa ou proceeding (non resumos): 1,5 puntos Comunicación breve (resumos ou abstract): 0,75 puntos
		Nacionais con Comité Científico e/ou Comité Organizador.	Comunicación extensa ou proceeding (non resumos): 0,75 puntos Comunicación breve (resumos ou abstract): 0,4 puntos
3	Estadías predoutorais de investigación		Mínimo: 1 mes
4	Informe de valoración confidencial da tese doutoral		
TOTAL			
			10-15
			10-15
			100

1. Neste punto o tribunal poderá ter en conta a existencia de subámbitos.

2. Factor de corrección por número de autores para artigos:

- Autor único ou equipo de traballo ata un máximo de 4 membros: $\text{asígnaselle a puntuación establecida na epígrafe Rango/unidade.}$
- Equipos de traballo de máis de 4 membros: $\text{Puntuación corrigida} = (\text{Puntuación} \times 4) / \text{Número de autores}$

3. Criterios de clasificación de revistas:

TIPO A: Revistas que aparecen no Science Citation Index, Social Sciences Citation Index, Arts & Humanities Citation Index e no H. W. Wilson Database. Nestas revistas establécense tres subcategorías: A1, inclúe aquelas revistas contidas no primeiro tercio do índice de citas nalgunha das categorías establecidas nos listados oficiais dos índices de citas do último ano dispoñible; A2, aquelas revistas contidas no segundo tercio do índice de citas e A3, o resto de revistas tipo A.

TIPO B: Revistas de prestixio que non se atopen catalogadas como tipo A e que empregan un proceso de revisión de artigos, a través de censores externos.

TIPO C: Revistas con referato externo de impacto reducido e aquelas outras que non cumprindo os requisitos anteriores teñan un prestixio científico recoñecido.

As solicitudes para engadir revistas nesta categoría deberán indicar a composición do consello de redacción, comité científico, antigüidade, regularidade e perioridade e as súas normas de publicación.

TIPO D: Revistas de investigación non incluídas en apartados anteriores

4. Factor de corrección por número de autores e tipo de autoría de libros:

- Libros completos de máis de 4 membros: $\text{Puntuación corrigida} = (\text{Puntuación} \times 4) / \text{Número de autores}$
- Capítulos de libro de máis de 2 autores: $\text{Puntuación corrigida} = (\text{Puntuación} \times 2) / \text{Número de autores}$



ANEXO III

UNIVERSIDADE
DE VIGO

**ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL ENCARGADO DE CONCEDER OS
PREMIOS EXTRAORDINARIOS DO CURSO 2010-2011**

ÁMBITO HUMANÍSTICO:

En..... o día..... de de queda constituído o Tribunal encargado de conceder os premios extraordinarios correspondentes ao curso académicos 2010-2011... coa asistencia de:

PRESIDENTE/A:.....
SECRETARIO/A:.....
VOGAL 1º:.....
VOGAL 2º:.....
VOGAL 3º:.....

PRESIDENTE/A

SECRETARIO/A

VOGAL 1º

VOGAL 2º

VOGAL 3º

En, a..... de de 2011

